

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/madr.80235>EDICIONES
COMPLUTENSE

No ronsel da colección de literatura popular de Marcial Valladares: a súa colaboración cos folcloristas do século XIX

Xosé A. Fernández Salgado¹

Recibido: 11 de febreiro de 2021 / Aceptado: 15 de outubro de 2021

Resumo. O escritor e lingüista Marcial Valladares (1821-1903) foi tamén artífice dunha das primeiras coleccións de literatura popular que se fixeron na Galicia do século XIX. Malia non a publicar no seu tempo nun volume, pódese dicir que tivo certa difusión mercé a que el mesmo empregou as coplas e refráns por el transcritos como autoridade lingüística no seu recoñecido *Diccionario gallego-castellano* (1884); pero tamén porque se mostrou xeneroso cedendo esa completa e variada colección manuscrita a aqueles estudosos do folclore español e galego que solicitaron a súa colaboración. Este artigo rastrea e analiza precisamente a achega de Valladares ós traballos e coleccións de Manuel Murguía, Antonio Machado y Álvarez, Juan A. Saco Arce, Francisco Rodríguez Marín, Casto Sampedro, Xosé Pérez Ballesteros, Antonio de la Iglesia e Alfredo Brañas. Ademais, este exame vains permitir realizar unha viaxe historiográfica polas investigacións folclóricas máis decisivas do século XIX.

Palabras chave: tradición oral; literatura popular; século XIX; Rexurdimento; Marcial Valladares; galego.

[es] En la estela de la colección de literatura popular de Marcial Valladares: colaboración con otros folcloristas del siglo XIX

Resumen. El escritor y lingüista Marcial Valladares (1821-1903) fue también artífice de una de las primeras colecciones de literatura popular realizadas en Galicia en el siglo XIX. Pese a que a que no se publicó en un volumen en su momento, puede decirse que gozó de cierta difusión gracias a que el mismo usó las coplas y refranes por el transcritos como autoridad lingüística en su reconocido *Diccionario gallego-castellano* (1884); pero igualmente porque se mostró generoso cediendo esa completa y variada colección manuscrita a aquellos estudiosos del folclore español y gallego que solicitaron su colaboración. Este artículo explora y analiza su aportación a los trabajos y colecciones de Manuel Murguía, Antonio Machado y Álvarez, Juan A. Saco Arce, Francisco Rodríguez Marín, Casto Sampedro, José Pérez Ballesteros, Antonio de la Iglesia y Alfredo Brañas. Además, este examen va a permitirnos realizar un viaje historiográfico por las investigaciones folclóricas más determinantes del siglo XIX.

Palabras clave: tradición oral; literatura popular; siglo XIX; *Rexurdimento*; Marcial Valladares; gallego.

[en] In the Wake of Marcial Valladares' Folk Literature: his Collaboration with the Folklorists of the 19th Century

Abstract. The writer and linguist Marcial Valladares (1821-1903) was also the author of one of the first collections of Galician popular literature of the century XIX. In spite of not having given it to the prints at the time, it might be said that they had some degree of dissemination thanks to the fact that he himself used the coplas and sayings as a kind of linguistic authority to his well known *Diccionario gallego-castellano* (1884); in addition, Valladares was always generous with those scholars of the Spanish and Galician folklore that requested his collaboration providing them with his complete and varied handwritten collection. This article explores and analyses precisely Valladares' contribution to the works and collections of Manuel Murguía, Antonio Machado y Álvarez, Juan A. Saco Arce, Francisco Rodríguez Marín, Casto Sampedro, Xosé Pérez Ballesteros, Antonio de la Iglesia and Alfredo Brañas. Besides, this examination goes to allow realize a historiographical trip through the most decisive folkloric investigations of the 19th century.

Keywords: Oral Tradition; Folk Literature; 19th Century; *Rexurdimento*; Marcial Valladares; Galician.

¹ Universidade de Vigo. Departamento de Filoloxía Galega e Latina.
Correo-e: xsalgado@uvigo.es; ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-3678-3014>.

Sumario. 1. Marcial Valladares, colector de folclore. 2. A colaboración con Manuel Murguía. 3. A colaboración con Antonio Machado y Álvarez. 4. A colaboración con Juan A. Saco Arce. 5. A colaboración con Francisco Rodríguez Marín. 6. A colaboración con Casto Sampedro. 7. A colaboración con Alfredo Brañas. 8. A colaboración con Manuel Leiras Pulpeiro. 9. Presenza da colección de Valladares noutras compilacións do século XIX. 9.1. Na *Colección de cantares gallegos* (1884) de Casal Lois. 9.2. No *Cancionero popular gallego* (1885-1886) de Pérez Ballesteros. 9.3. No tomo III de *El idioma gallego* (1886) de Antonio de la Iglesia. 10. Cabo. 11. Referencias bibliográficas.

Como citar: Fernández Salgado, X. A. (2021): “No roncel da colección de literatura popular de Marcial Valladares: a súa colaboración cos folcloristas do século XIX”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 24, pp. 81-100, DOI: <http://dx.doi.org/10.5209/madr.80235>.

1. Marcial Valladares, colector de folclore

Marcial Valladares (Vilancosta, Berres, A Estrada, 1821-1903) ocupa un posto sobranceiro na historia da lingua e da literatura galegas como un dos pioneiros do Rexurdimento galego do século XIX. Como literato, primeiramente, formou parte do grupo dos chamados “precursores” que polos temperáns anos da década de 1840 comezaron a utilizar o galego como lingua lírica. Logo despois, xa en 1870, deu a luz á narración *Majina, ou a filla espúrea*, publicada en 1880, coa que viña inaugurar o xénero novelístico moderno en galego. Como lingüista e interesado na codificación escrita do idioma, publicaría en 1884 o magnífico *Diccionario gallego-castellano*, o mellor do seu tempo, ó que lle engadiría novos suplementos durante a década de 1890; e en 1892 dataría o texto gramatical titulado *Elementos de gramática gallega*, inédito ata 1970, que recollía á súa proposta gráfica para o galego que, por outra parte, xa fora avanzada en varios artigos seus publicados na prensa da época.

Así e todo, o interese e aprecio de Valladares pola lingua e a literatura queda ben patente pola súa actividade como colector e transcriptor de cantigas coa súa melodía, de ditos e refráns, de adiviñas, de contos, de romances, de costumes... da boca dos seus paisanos da Ulla,

recolecións e transcripcións que teñen o enorme mérito de seren das primeiras que se fixeron en Galicia (xunto ás de López de la Vega, Rosalía de Castro e e Casal Lois), alén de seren das máis variadas, completas e fiables. Polo seu libro de *Memorias de familia* sabemos que da década de 1840 son os primeiros apuntamentos que fai de cantigas, bailes, melodías, vestimentas... nas romarías da Ulla en que participa. Pola súa parte, Do Pico Orjais e Rei Sanmartín (2010: 28) indican que no manuscrito que eles chaman [VA 3], que se garda na casa patrucial dos Valladares en Vilancosta, hai corenta muiñeiras que foran recollidas antes de 1855². Así mesmo, no Museo de Pontevedra tamén se garda un caderno manuscrito del con catorce cantos e melodías titulado *Recuerdos de la adolescencia* que debe ser anterior tamén a 1865, ano en que inicia o manuscrito *Ayes de mi País*, o seu pioneiro cantigueiro de música tradicional con harmonizacións de piano dedicado ás súas irmás, editado e estudado por Do Pico Orjais e Rei Sanmartín (2010). A *Ayes* seguiríalle o *Cantigueiro popular*, datado en 1867, que Valladares arrequentará en 1879 cun *Apéndice ó Cantigueiro popular*, editado por Luna Sanmartín (2003), e en 1887 con outro *Novo apéndice*, dado a coñecer por Bouza Brey (1956).

Estes cantigueiros manuscritos conteñen mostras diversas: cantares, refráns, trabalinguas, romances, contos, adiviñas... ademais de escritos da súa autoría (véxase Fernández Salgado 2002: 851-961). Xustamente, a súa colección de refráns publicárase por entregas entre 1887 e 1888 na *Galicia. Revista regional* e completárase en 1890 nas páxinas d’*A Monteiira* (véxase Fernández Salgado 2003b). Aquel mesmo ano de 1888 tamén dará a luz nas follas da revista *Galicia humorística* a transcripción dos seus contos populares, oito en galego e sete en castelán. Algunha parte deste material xa fora publicado no tomo IV da Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas, que dirixía Machado y Álvarez, titulado *Folk-Lore Gallego. Miscelánea* (1884); e, concretamente, máis de 250 cántigas e 460 refráns incluíaos Valladares ó longo das entradas do seu *Diccionario*

² A faciana musical de Valladares como neófito precursor no eido dos estudos etnomusicais é reivindicada tamén por Groba González 2011: 103; del sinala que “cómpre ser considerado como o primeiro galego con interese e capacidade á hora de abordar a recompilación musical da tradición oral do país e un dos alicerces culturais do século XIX galego”.

gallego-castellano (1884), onde a literatura popular exerce de autoridade lingüística para o lema de entrada en que se insiren³.

Todo este labor de recolleita folclórica seralle recoñecido en 1884 co nomeamento de Socio de mérito da daquela nacente *Sociedad del Folk-Lore Gallego*. Antes, en 1858, xa fora nomeado tamén Socio de mérito da prestixiosa Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago e, en 1880, Correspondente da Real Academia Española (RAE). Canto a isto último, sabemos por unha carta de Valladares ó secretario desta institución Tamayo y Baus que lles remitiu una “modestísima colección de *Cántigas populares gallegas*”, da que descoñecemos o seu paradiro. Na carta, datada o 16 de novembro de 1881⁴, láíase Valladares de que a colección non poida ser máis copiosa e que dela suprimiu “mucho por insustancial y algo también de picaresco, ó colorado”, aspecto este último, relativo a selección con que opera por criterios de moralidade, que caracteriza o cantigueiro valladariano⁵ (e tamén o de Saco Arce).

O Valladares que recolle mostrás folclóricas é un “señor da aldea”, en contacto coa cultura tradicional, coñecedor das súas manifestacións lingüísticas e literarias e que as valora positivamente, como deixou escrito no limiar do seu *Cantigueiro popular* (1868): “os nosos populares cantos, esa non escrita e virxen poesía, dina de ser conocida e estudiada, que corre de boca en boca, que circula cal moneda por todas as partes...”. Pero é ademais un home culto do seu tempo, licenciado en Leis, incansable lector, con coñecementos de música, debuxo, francés, historia natural..., con claras influencias do Romanticismo, mais tamén do Costumismo, subxénero que proliferou por toda a península entre as décadas de 1830 e 1850 a través dos chamados *cadros de costumes* cunha clara función: a de rexistrar as formas de

vida e os costumes do pobo, suxeitos a un proceso de cambio que os levaba á desaparición; precisamente un obxectivo que Valladares perseguía coa anotación de cántigas, refráns ou palabras.

Todo isto propiciou que Valladares fose recadando e arrequeitando unha colección de mostrás folclóricas que resultaba moi gozosa para outros investigadores e eruditos interesados tamén na ciencia do *folclore*, que aínda había pouco que nacera en Inglaterra; e Valladares, sempre colaborador, non terá reparo en poñela á disposición de quen lla solicite. Este traballo pretende, precisamente, pescudar no ronsel que a súa compilación foi deixando nos traballos e empresas dos máis importantes estudosos do folclore hispánico e galego do século XIX, dende 1865 en que entra en contacto con Manuel Murguía e lle envía unhas cantigas coa súa melodía, ata 1898 en que aínda lle manda uns romances a Alfredo Brañas. Nalgúns casos a súa contribución foi directa, remitiendo el mesmo os propios materiais: no caso de Murguía, Machado y Álvarez, Saco Arce, Rodríguez Marín, Casto Sampedro, Leiras Pulpeiro ou Brañas. Outras veces, as súas mostrás populares aparecen noutras coleccións, coma na de Casal Lois, Pérez Ballesteros ou A. de la Iglesia, cremos, por vía indirecta, é dicir, seguramente estes as copiaron de obras xa publicadas, xa fose del (sobre todo do seu *Diccionario*), xa da doutros folcloristas (por exemplo, da *Miscelánea*). En fin, a nosa investigación tamén nos permitirá facer unha viaxe historiográfica polos estudos e recompilacións de folclore máis determinantes do século XIX.

2. A colaboración con Manuel Murguía

O erudito historiador Manuel Murguía (1833-1923) foi o primeiro que realizou un estudo serio das formas literarias populares galegas

³ Unha relación bibliográfica completa de todo o material folclórico recollido por el pode verse no apartado correspondente do traballo de Fernández Salgado (2018); nel tamén se dan referencias bibliográficas sobre a vida de Valladares e do resto da súa obra. Así e todo, para un estudo integral do autor véxase Fernández Salgado 2002 e 2005. Recentemente foi publicado *O legado dos Valladares de Vilancosta*, magna obra na que Ferreirós Espinosa 2018, sobriño bisneto de Marcial Valladares, historia o legado familiar ó longo de case 700 páxinas. Amais do capítulo dedicado a Marcial (pp. 245-275) achega tamén moitos datos de seu pai Xosé Dionisio Valladares, de seus irmáns Sergio, Avelina e Luisa, de seu sobriño herdeiro Laurentino Espinosa Valladares e tamén de seu sobriño neto Xosé Espinosa Cervela, tío do autor do libro. Inclúe abundante documentación epistolar e varios poemas inéditos de varios membros da familia.

⁴ A carta custodiábase no arquivo da Academia española (ref. ES 28079 ARAE F1-2-1-12-29-4).

⁵ Valladares tamén fai constar isto no “Prólogo” do seu *Diccionario* cando di que incluíu “doscientas cuarenta y dos cantigas que á la moral no ofenden” (p. IX). Lémbrese tamén que, acorde ó seu código ético, solicitou unha licenza eclesiástica para o *Diccionario* conforme a obra non encerraba nada contra a fe “ni ofensivo á la moral”.

nas páxinas da súa *Historia de Galicia* (1865: 248-259). No capítulo IX recolleu unha definición, estableceu unha clasificación de cantos galegos e propuxo a súa interpretación da literatura popular como fonte da Historia dun pobo⁶. Publicou, ademais, unha breve mostra de arredor de vinte cantares (*Ibid.*: 254-255)⁷ que agrupou en sentenciosos e epigramáticos, históricos e de sentimentos.

Tras esta pequena colección, Murguía inclúe “A ruada”, un cantar de pandeiro reproducido de aquí moitas veces⁸, formado por 12 tercetos, que lle foi facilitado por Valladares, como o mesmo Murguía (*Ibid.*: 258) recoñece en nota:

Debemos esta composición, lo mismo que su música y otros aires populares de la Ulla, á la fina atención del Sr. D. Marcial Valladares, quien la recogió en aquel país⁹.

A nota é interesante, pois nela sinala Murguía que coa letra do cantar tamén lle achegou a melodía (que non reproduciu) e outras composicións recollidas na Ulla. Eses “otros aires populares de la Ulla”, ós que se refería a nota de Murguía, deben ser as melodías que Filgueira Valverde (1942: 33) menciona na introdución ó *Cancioneiro musical de Galicia* de Casto Sampedro, cando afirma que Valladares facilitou a Murguía un ani-novo, unha muiñeira, dous alalás, un cantar de pandeiro e varias cantinelas¹⁰.

Todas estas melodías aparecen transcritas coa súa música en *Ayes de mi País* e tamén en varias partituras que se gardan no arquivo do Museo de Pontevedra, na Col. Sampedro (véxase Fernández Salgado 2002: 150-151 e ss.; Do Pico Orjais e Rei Sanmartín 2010: 49; Groba González 2011: 117). Coidamos que Filgueira Valverde tiraría os datos anteriores das devanditas partituras, así como tamén da correspondencia mantida entre Valladares e

Sampedro durante os primeiros anos da década de 1890. Nunha destas cartas datada de 1891, o folclorista da Ulla dirixíase a Sampedro remíndolle información sobre as melodías da súa terra e facía referencia á súa colaboración con Murguía había 25 anos nos seguintes termos. Dille Valladares:

En vista de su atenta del 8 y por complacerle ahí van esas pobres melodías, parte de las que logré recoger hace 25 años, pues otra parte la remití al señor Murguía y puede V. verla, si le conviene, en la Historia de Galicia por dicho señor, tomo 1º, pájina 258 y en la Ilustración Gallega y Asturiana, tomo 2º, pájina 38. (Fernández Salgado 2005: 270-271)

Das publicadas, refírese Valladares á citada “A ruada” e a unha partitura musical correspondente a unha muiñeira impresa en *La Ilustración Gallega y Asturiana* que levaba por letra: “¿Para que ll’ armas o merlo / onde cha ten outro armado? / Chamalle tempo perdido / e mai-l-o corpo querbado”.

A carta de Valladares a Murguía, datada de xullo de 1866 (Barreiro Fernández e Axeitos 2003), corrobora o envío e ofrece interesantes datos sobre a súa opinión dos distintos cantos. Sinala Valladares desde Pontevedra, despois de lle indicar algunhas referencias sobre a lenda do Pico Sagro:

Celebro le hubiesen gustado las cantigas de *La Ruada* y, comprendiendo con U., que algo las falta; que pocas o ninguna de nuestras cantigas y poemillas desenvuelven una escena, una situación completa y que todos, o casi todos se reducen a simples ayes del corazón, o pensamientos aislados, a lo mejor interrumpidos, cortados y sin casi posible enlace, so pena de forzarlos y hacer pierdan el mérito que así aislados tienen, no dejaré de curiosear en busca de cuanto digno de escribirse considere, así en la Ulla, como en esta Pontevedra. (*Ibid.*: 403-404)

⁶ Para a visión de Murguía sobre a poesía popular véxase Blanco 1992: I, 49-55.

⁷ Delas, catro aparecen na recolleita de Valladares, ben que Murguía non indica o seu colector. Concretamente son as que comezan polos versos: “Uns corren para Castilla”, “Non me prendas silva verde”, “Soidades danme os campos”, “Auga do Pilar da Cruña”. Tamén nos apéndices, na “Ilustración II” (p. 578), figura “Elas eran tres comadres”, recollida tamén por Valladares, aínda que non sabemos se a publicada foi enviada por el.

⁸ É o cantar de pandeiro que comeza co terceto: “Veña ó pandeiro a ruar / qu’estas son as mazarocas, / qu’ hoxe teño de fiar”. Será recollido tamén nas coleccións de Casal Lois, Saco Arce, Milá, Pérez Ballesteros e Antonio de la Iglesia. O texto tamén se reproduciu na prensa da época nalgunha ocasión, coma tal en *El Heraldo Gallego* (18/3/1875, pp. 5-6).

⁹ As doce tríades de “A ruada” procedían do grupo 1 do apartado de “Cantar d’o pandeiro” de *Ayes de mi País*.

¹⁰ Estas melodías eran segundo Filgueira: o ani-novo “Despedida d’ano vello”; a muiñeira “Non te quero por bonita”; tres cantinelas: “Uns corren para Castilla”, “Nena que vende-l-as peras” e “A sombra d’un limoeiro”; e dous alalás, “Na alma se me cravou” e “Adios non ti non mo digas”.

A carta remátaa Valladares dándolle noticia de que Fernández Anciles tamén posúe “una escogida colección de cantigas”, e dando a súa opinión sobre a música popular:

Yo prefiero la música melancólica y expresiva de cualquiera de nuestros Alalás a la del Cantar de pandeiro. Sírvase U. fijar bien en el primero de los que tuve gusto de escribirle y hallará un no sé qué inexplicable; sentimientos dulcísimos del corazón, llenos de vaguedad encantadora, mientras que la de La Ruada nada dice al alma. Cierto es, que así la una como la otra, son monótonas por ese carácter, o defecto, si defecto es, lo tienen los populares aires del campo en todas partes, incluso nuestra dulcísima muiñeira y el Maquieló de los salvajes australianos, lo cual se concibe bien y permite estudiar los impulsos, los verdaderos arranques de la naturaleza, desnudos de toda combinación o arte. (*Ibid.*: 403-404)

Así e todo, existe unha certa confusión entre a información da nota de Murguía (1865), a carta de Valladares a Sampedro de 1891 e a suposición de Filgueira (1942: n. 183) nomeando as melodías enviadas por Valladares a Sampedro. Da nota de Murguía entresácase que Valladares enviara máis melodías das publicadas, pero Valladares afirma na carta a Sampedro que lle mandara “esas pobres melodías” do que lle queda da súa colección, pois a outra parte xa lla remitira a Murguía. Pola súa vez, Filgueira, baséandose no grupo de melodías achegado por Valladares a Sampedro¹¹ –un ani-novo, unha muiñeira, dous alalás, un cantar de pandeiro e varias cantinelas–, dá por suposto que esas mesmas son as que enviara a Murguía e que este publicou “en la edición inicial de su *Historia*, en 1868” (*Ibid.*: 33), dato este sobre o ano que é erróneo pois debeu ser en 1866 (véxase tamén o dito por Do Pico Orjais e Rei Sanmartín 2010: 49).

Sexa como for, Marcial Valladares foi un importante colaborador de Murguía, se cadra non tanto polo número de mostras achegadas,

todas da Ulla, senón polo feito de que co texto acompañaba as notacións musicais. E máis aínda, como xa indicou noutra parte Fernández Salgado (2002), porque inferimos que os cantos enviados por Valladares inspiraron a clasificación establecida por Murguía na súa *Historia de Galicia*, seguindo un criterio musical, en “Muiñeiras, Cantar de Pandeiro, Alalás, Ani-novo, Mayos, etc.” (1865: 252), feito que tamén é constatado por Groba González (2011: 117). Este agrupamento dos cantos partindo da melodía é o establecido por Valladares nos seus cancioneiros musicais manuscritos, especialmente en *Ayes de mi País* datado xa de 1865, o mesmo ano de inicio de publicación por entregas cá *Historia de Galicia* de Murguía.

O material folclórico enviado por Valladares a Murguía quizais tivese inicialmente outra asignación: o enigmático libro que sobre lírica popular estaba a preparar e que se titularía *Rimas populares de Galicia*. Murguía refírese varias veces a el nos seus traballos sobre folclore, entre deles os publicados en 1881 nas páxinas de *La Ilustración Gallega y Asturiana*; non obstante, nunca viu a luz e as composicións por el xuntadas foron aparecendo polo medio doutros traballos seus¹².

En fin, Murguía foi para Valladares o referente primordial no estudo do folclore galego e, de feito, cando por volta dos primeiros anos da década de 1880 se estean dando os pasos para constituír a *Sociedad del Folk-lore Gallego*, don Manuel será a aposta do ullán para ocupar a súa presidencia, tal e como llo confesou o seu promotor Machado ó propio Murguía en carta datada de setembro de 1881:

Esta Sociedad Española habrá de subdividirse en tantos centros por lo menos como eran los antiguos reinos y al frente del de Galicia deseñaría yo que se pusiera Ud., utilizando para las cuatro provincias gallegas a D. José Luces Miranda (en el partido judicial de Estrada) a D. Nicanor Rei y D. Antonio Guntín Jiráldez

¹¹ É o que se denomina *Caderno truncado* en Fernández Salgado 2002: 150 e [ms. PM 2] en Do Pico Orjais e Rei Sanmartín 2010: 49.

¹² Murguía fai referencia ás súas *Rimas* en 1881 nos traballos sobre folclore publicados no tomo III de *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Aínda volve aludir a el nunha carta enviada a Milà, datada en Lugo, en novembro 1882, en que, con motivo da publicación do “Romancerillo” do romanista catalán, indicalle Murguía: “No he podido yo arribar a tanto con mis Rimas, por las mil dificultades con que aquí se tropieza para semejantes empresas y porque me lo impidieron otros trabajos más perentorios” (véxase o epistolario compilado por Ll. Nicolau D’Oliver 1995: 83, sobre todo a carta nº 491). Neste epistolario de Milà non se fai ningunha alusión directa nin indirecta a Marcial Valladares. De Murguía constátanse tres cartas e outras tres referencias indirectas. De Machado y Álvarez e Laverde Ruíz, dous persoeiros ben ligados a Valladares, constátanse cadansúa carta.

(Pontevedra) a D. Gumersindo Laverde (Santiago), a los hermanos D. Antonio y D. Francisco de la Iglesia González y D. Ramón Segade de Campoamor (Coruña) a D. Antonio J. Pereira (Lugo) y al Sr. Saco y Arce (Orense): nombres todos que me indica, con el del Sr. Alfredo Vicente, D. Marcial Valladares, el cual considera a Ud. como el más a propósito para constituir la Sociedad del Folk-Lore Gallego. (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: 395)

Non obstante, o desencontro entre Murguía e Machado, ó se interpor José M^a Sbarbi¹³, reconducirían a Machado, aconsellado por Francisco Giner, cara a Emilia Pardo Bazán, que sería quen acabaría facéndose cargo da constitución da Sociedade e elixida a súa primeira presidenta en 1884¹⁴.

Dos cotexos realizados por Do Pico Orjais e Rei Sanmartín (2010: 55-61), tamén se desprende que algún material de *Ayes de mi País*, moi evidente no caso do “Cantar d’o pandeiro” / “A ruada”, pasou de xeito indirecto, a través da *Historia de Galicia* de Murguía, a formar parte dos cancioneros para canto de Victor Adalid, de Casto Sampedro, de José Inzenga e mais de J. Bal y Gay e E. Torner.

3. A colaboración con Antonio Machado y Álvarez

Antonio Machado y Álvarez (Santiago de Compostela, 1846 - Sevilla, 1893), ou “Demófilo”, como el gustaba de ser chamado¹⁵, foi o introdutor dos estudos folclóricos na Península ibérica, por volta de finais da década de 1870 e o principal impulsor da creación da *Sociedad del Folk-Lore Gallego* a finais de 1883, logo

de promover outras sociedades semellantes dende novembro de 1881 por toda a Península. Aínda que galego de nacemento, trasladouse coa familia a Sevilla ó mes de nacer¹⁶. Dende 1871, formou parte da sociedade Antropolóxica Sevillana xunto con seu pai Machado y Núñez, que era Catedrático de Física. Co seu mestre Federico Castro publicaría *Cuentos, leyendas y costumbres populares* (1872), aínda que o interese de “Demófilo” pola literatura popular xa o plasmara con anterioridade na *Revista Mensual de Filosofía, Literatura y Ciencias* (1869-1874), onde publicara algún artigo sobre o tema, e volveuno amosar na revista *La Enciclopedia* (1877-1881?), onde creou unha sección permanente de literatura popular. Entre 1883 e 1886, Machado y Álvarez dirixirá a Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas (BTPE), da que se publicarán ata nove tomos, catro deles sobre o folclore galego: o IV, titulado *Folk-Lore Gallego. Miscelánea* (1884); e o VII, IX e XI, que recollerían o *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña* (1886) colectado por Pérez Ballesteros.

O tomo IV da *Miscelánea* pretendía servir de presentación da Sociedade e Machado y Álvarez, o seu inicial promotor, incluíu nel contribucións, transcricións e recoleccións da súa presidenta Emilia Pardo Bazán, de Marcial Valladares, de José Pérez Ballesteros, de Fermín Casares, de Juan Sieiro, de Benito Fernández Alonso e de Ramón Somoza Piñeiro. Valladares é o que achega neste tomo IV o maior número de mostras, 17 dun total de 43, todas colectadas no seu lugar natal de Vilancosta, na comarca da Ulla, segundo o fai

¹³ Do Pico Orjais e Rei San Martín 2005: 41-42 conclúen que as desavinzas entre Machado e Murguía hai que situalas na polémica xurdida entre Machado e o seu antigo colaborador e filólogo José M^a Sbarbi, cando este comezou a conspirar coa creación dunha corporación de tipo *Academia* de letras populares, que estaría formada por eruditos, centralista e de inspiración francesa, que se contrapuña á *Sociedad del Folk-lore* pola que avogaba Machado, máis de inspiración saxoa, na que puidese participar calquera, sen importar a clase social. Da relación epistolar entre Murguía e Machado, publicada por Barreiro Fernández e Axeitos 2005: 405-407, tamén se desprende que o historiador tería feito de voceiro, quizais indirectamente, das ideas de Sbarbi, o que non gustou a Machado, que mesmo se sentirá traizoado cando en novembro de 1881 se constituía a Academia Nacional de Letras Populares baixo a presidencia de Sbarbi e Murguía sexa un dos seus vicepresidentes, e isto só uns días despois de Machado ter feito públicas as *Bases de la organización de El Folk-Lore Español*.

¹⁴ A relación epistolar de Pardo Bazán a Machado y Álvarez entre novembro de 1883, en que Machado lle ofrece a presidencia, e outubro de 1885, foi analizada e publicada por Antonio Deaño Gamallo (2008). Nela poden constatar-se como se foi xestando e constituíndo a sociedade.

¹⁵ Sobre Machado y Álvarez poden verse os traballos de Alonso Montero 1979, Baltáns 2005 e a bibliografía completa de Gómez-García Plata 2015a e 2015b.

¹⁶ Comenta Filgueira Valverde (1984: 93) que dicía Machado: “Soy un gallego que nunca pisó su tierra”. En Sevilla viviría e cursaría estudos de Filosofía e Dereito na súa Universidade. Educado baixo as influencias evolucionistas e krausistas do seu mestre Federico de Castro, inclinouse posteriormente cara ó utilitarismo de Spencer. Foi nomeado Catedrático de Folclore na Institución Libre de Enseñanza de Madrid.

constar ó inicio de todas as colaboracións¹⁷. Trátase dun material moi variado, entre o que se atopan cántigas, romances, xogos de prendas, contos, frases feitas, modismos, meiguerías e mesmo remedios¹⁸.

Non obstante, a colaboración do transcriptor de Vilancosta con “Demófilo” xa se viña producindo dende algúns anos antes. O contacto entre deles houbo ter lugar arredor de 1879 e foi propiciado, seguramente, polo astur-montañés Gumerindo Laverde Ruíz, daquela xa bo amigo e favorecedor de Valladares (véxase Fernández Salgado 2005: 187), e tamén a través de Murguía. A relación epistolar entre Machado, Laverde e Murguía por volta destes anos foi analizada por Baltáns (2004) e Do Pico Orjais e Rei Sanmartín (2010: 40). Nunha carta de mediados de xuño de 1879, o sevillano solicitaba de Laverde información sobre que fontes debe consultar para recoller adiviñas do bable para unha colección que está a preparar. Pola carta de resposta de Laverde inferimos que houbo de saír o nome de Murguía, pois a principios de xullo, quince días despois, Machado preséntase ó historiador por carta por indicación de Laverde e rógalle “se sirva auxiliarme con sus noticias e ilustrado consejo para una ‘Colección de enigmas y adivinanzas’ que tengo entre manos”.

Na carta de resposta de Murguía, malia non a coñecermos, pódese deducir que seguramente o remitiu a Valladares (e tamén a Pérez

Ballesteros e Saco Arce), pois o certo é que o literato de Vilancosta acabaría por lle enviar ó folclorista sevillano medio cento de adiviñas que este incluíría na súa *Colección de enigmas y adivinanzas* (Machado y Álvarez 1880a)¹⁹. A *Colección* mereceu a recensión de Torre-Corres nas páxinas da sección de “Bibliografía” da *Revista de Galicia* (nº 18, 25/9/1880), de Pardo Bazán. As 94 páxinas da obra recollían segundo a recensión citada:

al lado de las *endivinallas* catalanas, mallorquinas, valencianas y bascongadas, *cosadielles* asturianas, y *divinetas* ribagorzananas, vemos con gusto una serie de acertijos gallegos, facilitados al coleccionista por los señores D. Marcial Valladares y Manuel Murguía, y por nuestros laboriosos colaboradores D. Juan Saco y Arce e D. José Pérez Ballesteros²⁰.

Dous meses antes, a colección de adiviñas fora tamén recensionada en *La Ilustración Gallega y Asturiana* (II: 265) por Alfredo Vicenti, que informa da coedición do libro en Halle, Palermo e Sevilla, ben que non fai referencia ningunha á colaboración de Valladares.

Asemade, en abril de 1880 en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Machado y Álvarez (1880b) tamén publicaría unha longa recensión en tres entregas do importante artigo “De la poesía popular gallega” (1877), do catalán M. Milá i Fontanals²¹. A redacción final acabou

¹⁷ En todas figura o encabezamento de “Santiago.-Vilancosta”. En nota ós cantares populares, Machado y Álvarez consigna: “Punto de donde creemos proceden, o mejor dicho, de onde creemos han sido recogidos los cantares del texto, por tener en él su residencia habitual el distinguido colector” (1884: 39).

¹⁸ O material folclórico conformábase 73 “Cantares populares” (pp. 39-50); 2 romances: “Despropósitos” (pp. 91-93) e “Mañanciña de San Juan / Anda a auga enamorada”; 5 poesías populares de inspiración festiva e infantil: “Testamento d’o gato” (pp. 84-85), “A galiña e outros animais” (pp. 101-102), o dialogado “O ferveillas” (pp. 112-113), “Contra o raposo” (p. 116), “Martín Conde o la semana del leñador” (pp. 133-134); o xogo de prendas “Estaba a amóra en seu lugar / e veu a mosca pra a picar” (pp. 123-126); e 3 “Trabalenguas” (p. 137). Valladares aínda achegou tamén dous contos titulados “Contos de rapaces” (pp. 55-64 e 138-149), publicados logo como “Bastián e Crispín” e “Os tres hirmáns”; e dous mangados de locucións e frases feitas titulados “Modismos populares” (pp. 96-99), con 33 expresións, e “Algunas frases gallegas” (pp. 130-131), con 16 exemplos. A súa contribución a este tomo IV complátase con 8 “Meiguerías o supersticiones” (p. 118); 3 “Juegos infantiles” (pp. 119-121); 7 remedios baixo o epígrafe “Medicina popular” (pp. 128-129); e, finalmente, tres beizóns tituladas “Meiguerías d’algunhas chamadas sabias ou entendidas” (pp. 134-135).

¹⁹ Sabemos desta información pola nota a rodapé que o propio Valladares incluíu no seu manuscrito *Apéndice à Cantigueiro popular*. Di aí, na sección de “Acertixos”: “Todos los que llevan un punto azul [35 en total], así como 15 más del cantigueiro, marcados de igual manera, fueron publicados en la colección de enigmas y adivinanzas que, en forma de diccionario, dio a luz en Sevilla, año 1880, mi amigo el señor Don Antonio Machado y Álvarez, bajo el seudónimo de Demófilo”, segundo se recolle en Luna Sanmartín 2003: 322.

²⁰ A cooperación de Valladares con Machado tamén se ve confirmada na nota do sevillano á primeira das “Adiviñas” colectadas por Pérez Ballesteros, publicadas na *Miscelánea*, onde di Machado y Álvarez 1884: 66: “Conozco otra versión de la primera adiviña que me remitió el Sr. Valladares”. A nota segue coa reprodución da versión enviada dende Vilancosta.

²¹ O artigo fora publicado na revista *Romania* VI e ofrecía ó final del unha escolma de 147 composicións moi diversas. Segundo di Milá en nota, estas mostras fóranlle achegadas por Murguía, Saco, os músicos Barbieri e Piquer e P. Taboada. Tamén empregara fontes impresas, entre elas a *Historia* de Murguía, os *Cantares* de Rosalía e o manual “Aperçu de l’histoire des langues néolatines en Espagne” (1857) de A. Helfferich e G. de Clermont.

sendo máis ca unha simple recensión, xa que Machado acrecentou o traballo de Milá con novos datos e observacións. Ó longo do traballo, “Demófilo” menciona a Valladares varias veces para lle agradecer o seu labor desinteresado remitíndolle dende Galicia material literario popular variado e valioso. Na primeira mención de Machado y Álvarez (1880b: 57) refírese ó envío dunha trintena de cantares:

Á la generosidad que nos complacemos en reconocer aquí de nuestro querido paisano el Sr. D. Marcial Valladares, debemos el gusto de poder aumentar esta colección con unos treinta cantares gallegos, por más de un concepto interesante, reservando para otro día el ocuparnos de los refranes y adiviñas, juegos y preocupaciones que hemos debido, tanto a la bondad de este señor, como á la del distinguido Director de la Ilustración Gallega y Asturiana, periódico que honra á ambas provincias, y á la mucha amabilidad del Sr. D. Juan Saco y Arce y Don José Perez Ballesteros, señores todos á quienes no sabemos como agradecer sus inestimables distinciones²².

Na mesma recensión Machado comenta os criterios de clasificación de Milá. Entre outras cuestións alude ó sentimento localista e á devoción ás imaxes das coplas de contido relixioso. Con respecto ás amorosas ten unha opinión favorable sobre delas, ben que lle chama a atención a súa escaseza no conxunto do cantigueiro galego e volve referirse ás coplas enviadas por Valladares, das cales afirma que “sólo unas 6 ó 7” son de contido amoroso²³:

de las 107 [sic, erro por 147] coplas contenidas en la excelente monografía del señor Milá, solo unas 20 son amorosas: de las 39²⁴ que nos envió el señor Valladares sólo unas 6 ó 7; de las 30 que nos facilitaron en Puenteareas hemos podido sacar mayor número, pero sólo 8. (Machado y Álvarez 1880b: 157)

Na mesma terceira entrega da recensión, Machado (*Id.*) inclúe 29 coplas, co que quere

probar que “no sólo el pueblo es poeta, sino de primer orden, y que si es á veces inferior al andaluz en idealidad, es tambien superior á éste en ocasiones en ternura y delicadeza de ingenio” (*Ibid.*: 158). Das 29 que achega, segundo indica en nota, as cinco primeiras son debidas “a la amabilidad del distinguido poeta Sr. D. Marcial Valladares” e engade que non están contidas na colección do Sr. Milá. Estas cinco que el clasifica como “amorosas” son as seguintes (citamos polos versos iniciais aparecidos na *La Ilustración Gallega y Asturiana*): “O meu corazon che mando”, “¿Quèn che dijo, quèn che dijo”, “Favores que me fijeche”, “Se quieres falar conmigo” e “Os ollos con que me miras”. A primeira, cuarta e quinta procedían de *Ayes de mi País*; a segunda e cuarta pertencen á sección de “Cantigas d’a Ulla” do *Cantigueiro popular*; e a primeira, segunda e terceira tamén as incluíría no *Diccionario*. A única que catro anos despois Machado non transcribirá na *Miscelánea* é “Favores que me fijeche”, o que nos vén demostrar que o número de cantigas enviadas por Valladares houbo de ser maior do que as 73 que “Demófilo” incluíu nese tomo IV.

En novembro de 1880, tamén nas páxinas da *La Ilustración Gallega y Asturiana*, Machado (1880c) volveu publicar outro artigo sobre literatura popular titulado “El garbancito”²⁵. Nesta contribución recolle as concordancias deste “popularísimo cuento”, baseado no encadeamento dos diferentes motivos e personaxes que van aparecendo ó longo da composición e que el escoitara de súa nai na nenez. Concretamente refírese ás versións italiana (*Pitidda e Micco*), á portuguesa (*A romanzeira do Macaco*), á catalá (*La Rateta*) e mais á galega, as cales reproduce e logo compara (agás a catalana, da cal non dá versión).

Da versión galega, que é a que nos importa, informa Machado de que se trata dun “lindísimo Jogo de prendas” remitido por “nuestro amigo y paisano el distinguido poeta gallego

²² Polas referencias ó material enviado, sobre todo por Valladares e Pérez Ballesteros, este debeu ser parte do que se publicou catro anos máis tarde no tomo IV da *Miscelánea*.

²³ Canto ó tanto por cento das amorosas, tanto as “6 ó 7” enviadas por Valladares como as 8 de Puenteareas, veñen representando en torno ó 23-26% do total, proporción semellante (27%) á obtida no cantigueiro de Valladares partir do total das súas “Cantigas d’a Ulla” (unha sección do seu *Cantigueiro popular* formada por 190 cantigas) e do *Novo Apéndice ó Cantigueiro popular* formada por 57 textos, como se pode ver en Fernández Salgado 2002: 181.

²⁴ Existe outro erro no número, pois coidamos que deben ser 29, pois antes fixera referencia a “una trintena”.

²⁵ O artigo tamén apareceu en 1880 na *La Enciclopedia*, revista sevillana que tamén acolleu algunhas coplas recollidas por Valladares.

Sr. D. Marcial Valladares a cuya bondad debemos el gusto de poderla dar hoy á conocer á nuestros lectores”, diferente ó que logo se publicaría na *Miscelánea*. Logo de reproducilo (véxase Fernández Salgado 2002: 925)²⁶, Machado destaca do conto a súa antigüidade, pois atopa un motivo semellante no *Quijote* de Cervantes (parte 1ª, cap. XVI), a súa infantilidade e a súa moralidade, baseada na idea de que “hay un enlace entre las cosas”, segundo Machado. Subliña tamén a analoxía no fondo, forma e detalles da versión ofrecida por Valladares coas das outras linguas: o *gato* e o *rato* aparece en todas, e en especial coa portuguesa, coa que coincide tamén na *corda* e o *pao*.

A colaboración entre Machado e Valladares, e os outros folcloristas galegos, foi minguando a partir de 1886, logo da publicación do cancionero de Pérez Ballesteros, conforme ía medrando ó desalento do propio Machado nas actividades folclóricas e asemade esmorecendo o labor da sociedade do *Folk-Lore Gallego*.

4. A colaboración con Juan A. Saco Arce

O ourensán Juan A. Saco Arce (1835-1881), autor da primeira *Gramática gallega* (1868), foi artífice do estudo máis completo e da recolleita de procedencia máis variada da literatura popular galega do século XIX; porén, nin estudo nin recolleita transcenderon no seu momento por causa do falecemento do seu autor, xustamente cando estaba a comezar a impresión do que sería a súa *Literatura popular de Galicia*. En efecto, en setembro de 1881, a morte sobreveulle a Saco cando contaba 48 anos e andaba a corrixir as probas dos primeiros cadernos impresos da “Introducción” e algúns cantares. Pasados os anos e por mediación dun sobriño de seu, Antonio Saco e Arce, esta obra publicaríase entre 1913 e 1924 no *Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense*, aínda que con organización diferente á disposta por Saco. En 1987, outro sobriño-neto, o catedrático de latín Juan L. Saco Cid, recuperou os textos manuscritos de seu tío-avó e deunos a luz noutra edición, cun estudo preliminar del mesmo en que amosa as manipulacións e alteracións sufridas polos textos e reconstrúe

a distribución e contidos orixinais. Xunta arredor de 1.400 textos poéticos populares, un milleiro de refráns e 21 contos populares, redactados en castelán. Na “Introducción” da edición interrompida de 1881, distingue Saco tres grandes grupos dentro da literatura popular: a poesía, os contos e os refráns, aínda que a parte que lle merece maior atención é o material poético. Foi precisamente na compilación deste onde Valladares colaborou con Saco.

En 1881 subliña Saco na “Introducción” (Saco Cid 1987), ó se referir ó sistema empregado na compilación, a dificultade de presentar unha colección completa dos cantos galegos, dada a súa variedade duns lugares a outros e os atrancos que tivo que superar para reunir os que vai dar a luz debido “a los viajes y sacrificios de diverso género que para ello ha sido menester”. Recalca que a maioría das composicións “han sido recogidas por nosotros en los lugares de su procedencia, o de labios de personas oriundas de los mismos”; aínda que fai excepción nas composicións procedentes de “Tuy, Molgas, Ordenes, una tercera parte de las de la Coruña, y las mas de las pertenecientes a la Ulla”, das cales di que llas debe á amabilidade de ilustrados amigos. E en nota refírese a eles, á fronte dos cales figura o transcritor de Vilancosta:

Debemos expresar aquí nuestro agradecimiento, por la valiosa cooperación con que nos han favorecido, a los Sres. D. Marcial Valladares, D. Agustín Vázquez Ruiz, dignidad de Maestrescuela de la catedral de Tuy, Don Manuel Sanchez Arteaga, Arcediano de la de Orense, D. Jose Perez Ballesteros, Director del Instituto de La Coruña, D. Ignacio Carreta y D. Nazario González, abad y coadjutor respectivamente de la Parroquia de Entrimo, D. Agustín Rodríguez, presbítero de Orense, y D. Hipólito Garrido, que lo es de Molgas. (*Ibid.*: 37)

Na introdución, Saco Cid (*Ibid.*: 22) indica que non se pode saber con exactitude a data en que Saco Arce “escomenzou a recopilar e decrúa dos textos”, pero si se pode afirmar que por 1877 Saco lle enviara a Milà i Fontanals dezaseis coplas, unha muiñeira, catro romances, un xoguete e dúas panxoliñas. Tamén comenta unha carta de agosto de 1879 con Pérez

²⁶ Comeza así: “Era un véllor e plantou unha viña, / Lunes e martes / De madrugada, / Tras d’o outeiro / D’a pedra furada. / Veu a cabra e roeu a viña qu’o véllor plantára, / Lunes...”. Logo da *cabra* ven o *can*, logo o *pau*, o *lume*, a *auga*, o *boi*, a *corda*, o *rato* e o *gato*. Tamén está transcrito no *Apéndice ó Cantigueiro popular* editado por Luna Sanmartín 2003: 284-286.

Ballesteros, na que este lle comunica o envío de 28 coplas. Así pois, os envíos de Valladares a Saco de mostras populares da Ulla deben ser tamén de arredor destes anos 1877-1881, probablemente do mesmo ano cá de Pérez Ballesteros.

Así e todo, o contacto entre Valladares e Saco quizais fose anterior se poñemos en relación algúns feitos vitais que ligan a ambos. Por unha banda, contra finais da década de 1850 e primeiros anos de 1860 comparten cidade de residencia, Pontevedra, e nesa época sería raro que non se coñecesen, máis ostentando os postos que desempeñaban. Saco ocupou interinamente a Cátedra de Latín e Grego no Instituto Provincial da cidade entre 1859 e 1862²⁷ e Valladares, varios cargos administrativos e políticos nesa capital por eses anos tamén (Fernández Salgado 2005: 117 e ss.). Por outra banda, algúns datos semellan indicar que había un certo recoñecemento intelectual e literario entre deles. En 1868 Valladares é un dos oito autores escollidos por Saco para figurar na pequena antoloxía “Poesías escogidas” que pecha a súa *Gramática gallega*; nela aparecería a súa composición “A fonte d’o Pico Sagro”. Pola súa parte, o de Vilancosta tamén incluíu no seu *Diccionario* (1884) anacos de tres poemas de Saco do seu libro *Poesías*. Así mesmo, don Marcial refírese a el no prólogo do *Diccionario* como o “malogrado virtuoso eclesiástico señor Saco y Arce”, de quen di ser autor xa dunha “verdadera gramática”. Alén disto, ambos coincidiron na colaboración con Machado y Álvarez (1880a) achegándolle adiviñas para a súa *Colección de enigmas y adivinanzas* e outro tipo de material popular como xa vimos antes. E ademais lembremos a antes citada carta de 1881 de Machado a Murguía (Barreiro Fernández e Axeitos 2005: 395), na que Valladares propuña a Saco Arce como representante pola provincia de Ourense.

Tendo en conta o material impreso na edición de 1987 da *Literatura popular de Galicia*, podemos dicir que foron arredor dunha ducia,

maioritariamente coplas, as que Saco tiña en mente publicar das enviadas dende a Ulla²⁸ por Valladares. Desaducia de coplas, unha aparece clasificada dentro das “Religiosas” (nº 43), outra dentro das “Morales” (nº 123), catro dentro das “Amatorias” (n.ºs 239, 392, 413, 453), outra dentro de “Varias” (nº 534), outra nas “Sátiricas” (nº 780), tres dentro de “Amarguras y quejas” (n.ºs 885, 886 e 1024), outra nas “Coplas locales” (nº 1181) e outra máis na sección de “Coplas en versos cortos” (nº 11). Inclúe tamén Saco a “Ruada”, o cantar de pandeiro de doce tercetos que xa tamén Valladares enviara a Murguía. Das anteriores composicións, só dúas (a nº 43 e a 11 da sección “Coplas en versos cortos”) non aparecen recollidas nas coleccións de Valladares²⁹; as restantes si figuran. En *Ayes de mi país* aparece a nº 239 da colección de Saco e mais a “Ruada”; nas “Cantigas d’a Ulla”, as n.ºs 392, 413 e 1024 de Saco; na *Miscelánea*, as n.ºs 392, 886 e 780; e no *Diccionario*, as n.ºs 453, 534, 780, 885 e 886.

5. A colaboración con Francisco Rodríguez Marín

O polígrafo sevillano Francisco Rodríguez Marín (1855-1943) destacou como estudoso da literatura popular e da literatura do Século de Ouro español, en especial de Cervantes, ademais de como xornalista, poeta e lexicólogo. Cursara o bacharelato en Osuna e logo fixera Leis en Sevilla. Nesta cidade deu en interesarse polas coplas populares españolas e contactou con Machado y Álvarez, Alejandro Guichot, Luis Montoto... cos que acabaría fundando en 1881 a *Sociedad del Folk-Lore Andaluz*, xerme da española. Nesta altura participou activamente nas revistas *La Enciclopedia* e *El Folk-Lore Andaluz* e, sobre todo, publicaría entre 1882 e 1883 a compilación *Cantos populares españoles*, con “post-criptum” de Machado (“Demófilo”).

Nos cinco tomos de que consta a obra, Rodríguez Marín (1882) recolleu 8204 cantares

²⁷ Algunhas das composicións do seu libro *Poesías de Don Juan A. Saco y Arce* (1878), concretamente 25, aparecen datadas destes anos en Pontevedra.

²⁸ No “Catálogo de los pueblos a que pertenecen las poesías contenidas en esta colección” (p. 51), Saco Arce inclúe a comarca da Ulla na “provincia” de Santiago e di dela: “Delicioso territorio atravesado por el río de ese nombre y sembrado de parroquias, pertenecientes, las de la orilla derecha, a La Coruña, y las de la izquierda, a Pontevedra”, seguindo a edición de Saco Cid 1987: 51.

²⁹ Quizais aínda sendo da Ulla non fosen recollidas por el, pois lémbrese que Saco dicía “muchas de las pertenecientes a la Ulla”. De feito, tampouco o foi o “romance de costumbres” (nº 23), que sendo da Ulla, Saco indica que llo oíu a un mozo da Arzúa.

dos que, segundo Blanco (1992: I, 92), 94 son galegos, 50 deles inéditos. Unha parte das cantigas galegas aparecen localizadas no tomo IV no epígrafe “Algunos cantos locales de Galicia” (pp. 524-528), anexo á sección de “Locales”. Non obstante, a gran maioría figura nas notas finais de cada capítulo. Polo que se desprende da propia compilación (1882: IV, 524), as súas fontes foron as coleccións manuscritas de Murguía e Valladares³⁰ e a publicada por Milá na revista *Romania*. Pero tamén se valeu de mostras xa publicadas por Machado e algunha copla aparecida xa en *La Enciclopedia*, como a que comeza por “Eu tirei unha laranxa”, que figura na p. 107 no ano IV da revista, que, segundo o indicado por Rodríguez Marín (*Ibid.*: II, 369), procedía de “unas cantigas gallegas, escritas a mano, que remitió el Sr. D. Marcial Valladares a Machado y Álvarez”.

Nos *Cantos populares españoles* recóllen-se 28 pezas de Valladares, que procedían, segundo as indicacións en nota á copla 3234 do propio Rodríguez Marín (*Ibid.*: II, 516), “de la precisa y bien ordenada *Colecc. ms.* que debo a la fina atención del Sr. D. Marcial Valladares”. O seu nome tamén figura na sección de colaboradores do derradeiro tomo: “Valladares (D. Marcial) La Coruña, Lugo & a.” (*Ibid.*: V, 147)³¹.

6. A colaboración con Casto Sampedro

O redondelán Casto Sampedro Folgar (1846-1937) foi un erudito home de leis que destacou en varios campos da cultura: historia, paleografía, bibliografía, linguas clásicas, música... Posuía unha das mellores bibliotecas da Galicia do momento e foi famoso o seu *despacho*

pontevedrés polos parladoiros que nel tiñan lugar. Aínda que de personalidade modesta, foi o creador da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra (1894), membro fundador da Real Academia Galega, correspondente da de Historia e Belas Artes, Cronista da Provincia, Presidente da Comisión Provincial de Monumentos e primeiro director do Museo Provincial de Pontevedra (véxase Filgueira Valverde 1994; Groba González 2011: 1-68). Interésanos aquí a súa faceta como un dos musicólogos galegos con mellor preparación para as investigacións do rico acervo das melodías populares. O seu cancionero foi o máis fiel e rico dos que se xuntaron na Galicia das dúas últimas décadas do século XIX e das primeiras do XX. Esta magnífica e complexa colección musical non foi publicada ata 1942, en que dispuxo a súa edición Filgueira Valverde baixo o título *Cancionero musical de Galicia*. Nesta obra recóllense 196 textos e 473 melodías.

Sampedro recibiu o primeiro estímulo para iniciar a recolleita en 1884 coa creación da sociedade do *Folk-Lore Gallego*, segundo Filgueira Valverde (1942: 39), ben que Groba González (2011: 528) lembra que as primeiras transcripcións de Sampedro case seguro que poden datar de 1861-1863, cando era seminarista en Compostela, e sobre todo de a partir de 1870. Non obstante, non será ata os primeiros anos da década de 1890 (por estes anos anda xa colectando melodías, como vemos pola súa correspondencia con Valladares á que máis abaixo nos referiremos), cando reciba novos azos para continuar adiante coa súa colección, estimulado tamén por Pedrell, quen en 1895 lle pide materiais para o que sería o seu *Cancionero musical popular español*. O conxunto

³⁰ Rodríguez Marín cartouse tamén con Pondal, quen lle traduciu ó galego un soneto seu titulado “Anhelos”, como se pode ver nas cartas CXI, CXIII, CXV, CXXIII, CXXIV publicadas por Ferreiro 1991.

³¹ As coplas que tomou de Valladares son as que comezan polo verso: (1) “Eu tirei unha laranxa” (II: 369), (2) “Esta vai por despedida” (II: 516), (3) “Adios ti, meu garandujo” (II: 522), (4) “Con dispensa non me caso” (III: 238), (5) “Trocaches ouro por prata” (III: 220), (6) “Disque me deixas por outra” (III: 343), (7) “Teño un pesar como un puño” (III: 351), (8) “A encarga que me fijêche” (III: 352), (9) “S’o casar fora d’un día” (III: 509); (10) “Adios, adios, miña amada” (IV: 123), (11) “Antes qu’a falar te poñas” (IV: 247), (12) “Non quero contos de nadie” (IV: 248), (13) “Manuel, ti andas n’o monte” (IV: 255), (14) “A marran, de tres semanas” (IV: 256), (15) “Coitadiño d’o que mórre” (IV: 259), (16) “Cando pasei por aquí” (IV: 260), (17) “O meu cantar ja non viste” (IV: 280), (18) “A gracia de cantadora” (IV: 284). No grupo de “Algunos cantos locales de Galicia” (1982 IV: 524), aínda que non veñen asignadas a un colector concretos, podemos dicir que pola ortografía, polo contido e por apareceren na súa colección, serían de Valladares: (19) “Alegría, Madanèla” (IV: 526 ll), (20) “Nenas de Castro-Loureiro” (IV: 526: m), (21) “Ó San Bastián corramos” (IV: 526 n), (22) “A aldea de Vilancosta / de lonje parece vila” (IV: 526 ñ), (23) “A aldea de Vilancosta / pasei-n-a de madrugada” (IV: 527 o), (24) “A aldea de Vilancosta / pasei de noite por òa” (IV: 527 p). No “Apéndice general” do tomo V, aparecen (25) “A Cristo San Juan pideulle” (V: 7), (26) “Cada vez que vou ó mar” (V: 67), (27) “Casáime, meu pai; casáime” (V: 82), (28) “Un cojo caeu n’un pozo” (V: 92). Delas, a (4), (6), (9), (10), (11), (13), (14), (17), (19), (20), (21), (25), (27) localizámolas no seu *Diccionario*. A (7) e (12) nas “Cántigas d’a Ulla”; a (5), (6) e (15) no tomo IV da *Miscelánea* e a (8) no *Apéndice ó Cantigueiro*.

do material disposto por Sampedro, en coautoría con Víctor Said, foi presentado en 1909 ó concurso aberto convocado pola Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, onde resultou premiado. Segundo a acta do xurado, destacábase do cancionero que era magnífico, serio e solidamente feito (Filgueira Valverde 1994: 229): “Llaman la atención por su belleza y riqueza los “alalás”, los cantos de “arriero” y otros oficios, “muiñeiras”, los cantos varios, los de ciego y romances”.

Para a súa colección, amais das melodías anotadas persoalmente por el, Sampedro valeuse da recolección indirecta dunha vasta rede de colaboradores por toda Galicia, entre os cales se encontraba Marcial Valladares polas terras da Ulla. Este mandoulle varias melodías desta zona que tiña recollidas xa dende a década de 1860, segundo podemos ler nas dúas cartas dirixidas por Valladares a Sampedro (Fernández Salgado 2005: 270-272).

A primeira carta xa a mencionamos ó falarmos da colaboración de Valladares con Murguía. Data do 7 de decembro de 1891 e está escrita en Vilancosta en resposta a outra enviada por Sampedro do día 8. Nela, Valladares, con modestia, remítelle “esas pobres melodías” que recolleu hai 25 anos (outra parte xa llas enviara a Murguía), das que non dá título³². A carta é interesante, porque nela Valladares fai unha análise pesimista da situación da música popular galega nese tempo, como xa fixera nos prólogos do *Cantigueiro popular* (1867) e no do *Diccionario* (1884). Saliéntalle Valladares a Sampedro o proceso de substitución que nas aldeas da Ulla están sufrindo os cantos populares galegos polas cancións castelás:

En cuanto á marchas de gaita, cantos de cuna &, nada he oído, ni oigo por aquí. Hoy los cantos y música característica del país han desaparecido: á los alalás y antiguos cantares de nuestros valles sustituyen en cantinelas castellanas, importadas de otros puntos, y á la patriarcal gaita y tamboril, bombos, platillos, clarinetes, cornetines y otros instrumentos, manejados por labriegos que tocan danzas, polkas, mazurcas &&, bajo la dirección de otro labriego que bien

ó mal, aprendió á leer algo de música y por un tanto al mes recibe de Santiago partituras ya arregladas para su banda. (Fernández Salgado 2005: 270)

Valladares remite a Sampedro ó val do Deza, onde di que aínda se pode recoller algunha cousa de música tradicional, coma a melodía dun cantar, do que lle envía a letra, e que afirma tocaba o cego do Carrio. Dise na carta citada:

Créo que en el valle de Deza, partido de Lalin, puede recogerse alguna cosa y, estando, como está en esa D^ñ. Arturo Feijóo, véase V. con el y haga que por medio de los Madriñanes, ú otras personas, le proporcione á lo menos, la música de unha poesía popular que empieza:

“Ti que ll’as dèches,
Férvellas berzas,
vólvell’as nòces:
tòrna de trás
co-as castañòlas,
pròme d’as moscas”³³.

música que el ciego, llamado del *Cárrio*, tocaba en su sinfonía y ocasión no tuve yo de recoger. (*Ibid.*: 271)

O colector da Ulla acaba despedíndose agradecéndolle o traballo feito “en pró de las cosas de nuestra Galicia”.

Na outra carta, datada en xaneiro de 1893, Valladares dálle as gracias a Sampedro polo agasallo do “libro de música, titulado ‘Cantos y bailes de Galicia’, entregado por V.”, feito que lle agradece sinceramente, pois non tiña ese exemplar³⁴.

As repercusións do enviado por Valladares no cantigueiro da Colección Sampedro poden verse na táboa elaborada por Groba González (2011: 110-114). A partir dela conclúese que son 38 rexistros nos que aparece Marcial Valladares como transcriptor, “un 5,27% do cantigueiro da CS” (*Ibid.*: 115). As súas achegas foron tres alalás, nove cantinelas, un romance de cego, dous cantos de cego, un cantar de cego dialogado, dúas noiteboas, un aninovo, tres reis, unha de tuna ou ronda, catro infantís, dúas muiñeiras vellas, tres muiñeiras novas e seis

³² Groba González 2011: 116 identifica estas “pobres melodías” co caderno manuscrito *Recuerdos de la Adolescencia* que se garda na Colección Sampedro do Museo de Pontevedra.

³³ Son os versos do “O Férvellas”, que se publicara na *Miscelánea* e que tamén incluíra no *Diccionario* na entrada *férvellasberzas*.

³⁴ Debe referirse á *Cantos y bailes populares de España* (1888) de José Inzenga, obra pioneira deste tipo que contén moitas melodías populares de Galicia (*Ibid.*: 62), das cales máis da metade leva a letra e ademais interesantes comentarios musicais. Algunhas foran transcritas por Valladares, aínda que Inzenga tiráraas da *Historia* de Murguía.

agarrados (nas que se inclúen polcas, mazurcas, valeses...).

Salienta Groba González (*Ibid.*: 116) que don Casto tiña en alta estima a obra e a persoa de Valladares, pois nunha nota explicativa a un aninovo do manuscrito do cantigueiro presentado a concurso en 1909 indica que “procede de La Estrada y del autorizado Sr. Valladares”.

7. A colaboración con Alfredo Brañas

Por xuño de 1898, Alfredo Brañas (1859-1900), daquela xa Catedrático de Economía e ideólogo do rexionalismo máis conservador, ademais de laureado poeta, xornalista e excelente orador, pretendía recoller materiais para unha futura *Historia da literatura galega* que, segundo referencias de Losada Diéguez (1929)³⁵, contaba con que tivese seis ou sete volumes de arredor de 400 páxinas cada un e que comezase pola época céltica. Pretendía levar a termo os proxectos do grupo coruñés da sociedade do *Folk-Lore Gallego*, xa inactivo nestas alturas.

Con tal motivo, dirixiuse Brañas en carta ós mestres, curas e eruditos dos distintos lugares e parroquias de Galicia para que lle envasen toda a documentación de que dispuxesen sobre literatura popular, ou que puidesen recadar. Unha desas cartas dirixiulla a Valladares e dela da fe Ferreirós Espinosa (2018), que ademais a reproduce en facsímile así como a primeira páxina da resposta de don Marcial. Aínda que a reprodución non é nidia de todo, permite saber o que Brañas tiña en mente e o pedimento de que o favorecese co que tivese sobre o país da Ulla. Díciulle Brañas o 19 de xuño de 1898:

Mi distinguido amigo, juzgando que su amor á la tierra gallega y á sus cosas es tan grande como el mío, me atrevo a rogar su sabio concurso para una obra que he empezado.

Voy a escribir (y tengo ya muchísimos materiales acopiados) la Historia de la Literatura Gallega en seis ó siete volúmenes de más de 400 páxinas cada uno de ellos. Como V. vé emprendo una obra de años, y que requiere paciencia benedictina. Comencé ya con el 1^{er} volumen que se refiere á la Época céltica. Pero para escribirla en muchos capítulos necesito datos de cierta clase referentes a los [datos] de civilización celta, conservada a través de los siglos. Le envío la hoja adjunta con los datos que necesito, referentes a la gran Comarca del Ulla.

– V. puede proporcionarme todos ó la mayor parte de esos datos, especialmente valiéndose de los señores párrocos y demás, por zonas ilustradas del Ulla. Ayúdeme V., por el amor de Dios, en obra tan difícil y laboriosa y pongamos el nombre de Galicia en el culto lugar que le corresponde.

Bien sé que es para V. un gran sacrificio. Pero yo no necesito más que datos, [amontonados] sin orden, ni expuestos en forma literaria, de un modo sencillo y natural, me basta una noticia breve y expresiva de cuanto contiene la nota que es adjunta.

El día 25 ó 26 de este mes salgo para Villagarcía y allí espero que usted me envíe las cuartillas que pueda.

Mil y mil gracias anticipadas por su generosa ayuda que espero, confiado en su gran amor de V. á Galicia, y sabe que como siempre le [ama de veras], respeta y admira un amigo afmo. q. b. s. m. (Ferreirós Espinosa 2018: 272 e 276)

Don Marcial, daquela con 77 anos, “mais traballador de cote e cheo de vountade” segundo Losada (1929), mandoulle un bo feixe de anotacións que, desgraciadamente, descoñecemos. Aínda con boa letra, escusábase a Brañas o 22 de xuño de 1898:

Mi muy estimado. Adjuntos son los datos que V. tuvo á bien pedirme. No sé si llenarán sus deséos, pero tengo 77 años cumplidos y no hé podido hacer más.

Suyo afectísimo q. b. s. m. Galicia, y sabe que como siempre le [ama de veras], respeta y admira un amigo afmo. q. b. s. m. (Ferreirós Espinosa 2018: 272 e 276)

Losada Diéguez (1929) sinala que entre o material enviado por Valladares figuraba un longo romance de asunto mariano que comezaba deste xeito:

Érase a filla d-un Rei
moi devota de María
que tres Rosarios rezaba
e todos tres cada día. [...]

Losada reproducíuno enteiro na revista *Nós* e, segundo as súas indicacións, fora recollido por Valladares dunha labrega en Moalde (Silleda). Unha versión con variantes textuais nalgúns versos aparece no *Apéndice ó Cantigueiro*

³⁵ Véxase tamén a referencia a este asunto de Filgueira Valverde 1982: I, 34.

Popular (1879) na sección de “Romances” (Luna Sanmartín 2003: 292-294). Da sorte que puido correr todo ese material de literatura popular xuntado e enviado a Brañas, ó cal se refire a carta antedita, apenas podemos engadir que por volta de 1970, cando se lle dedicou o Día das letras galegas a Valladares, quizais unha copia aínda debía andar polo despacho de Vilancosta, pois o redactor do texto da “Presentación” (posiblemente Ferreirós Espinosa) dos *Elementos de gramática gallega*, que se exhumaba ese ano, dá como inédito de Valladares un “detallado estudo etnográfico que, por encárrago de Brañas, fixo cando tiña 77 anos” (Valladares 1970: 7).

A de Brañas foi a última colaboración de Valladares con investigadores e colectores de folclore de que temos constancia. Con xa 77 anos feitos en 1898 séntese vello e descúlpase na carta a Brañas por “non facer máis”.

8. A colaboración con Manuel Leiras Pulpeiro

Esta idea xa lla transmitira tamén ó médico e literato Manuel Leiras Pulpeiro (1854-1912) noutra carta dous anos antes, que se pode consultar en Fernández Salgado (2005: 274-278). Nela, Valladares cóntalle a Leiras que “estoy como quien dice, con los piés en la sepultura y aunque conservo afición a las cosas de nuestra tierra, un vejestorio es un ser inútil”. Pero aínda así, nesa carta Valladares achégalle 36 frases feitas³⁶, pois Leiras era tamén un grande afeccionado á colección de ditos, adiviñas, contos, cantigas..., e mesmo coma Valladares tamén versificou ó xeito popular. O intercambio entre eles viña xa producíndose dende 1893: o de Mondoñedo achegáballe sobre todo léxico para o *Nuevo suplemento* (1896) do seu *Diccionario gallego-castellano* (1884); o da Ulla mandáballe sobre todo modismos da súa bisbarra.

Malia o dito nestas cartas sobre a súa velez, Valladares non perdeu nunca o interese por recoller e anotar de todo, fose un dito, un refrán, unha cantiga, unha palabra, o seu significado... ata pouco antes da súa morte; de feito, en 1902, un ano antes de se finar, aínda datou un novo apéndice ó dicionario que tituló “Más voces gallegas” (Ferreirós Espinosa 2018: 273).

9. Presenza da colección de Valladares noutras compilacións do século XIX

Ata aquí revisamos as colaboracións de Valladares das cales temos constancia que el persoalmente remitiu o material que lle solicitaran. Nos apartados que seguen examinamos tamén a presenza da súa colección noutras tres importantes colectáneas do XIX debidas a Casal Lois, Pérez Ballesteros e Antonio de la Iglesia. Nas destes aventuramos que a presenza da colección de Valladares se debe a que os compiladores as copiaron a partir de obras xa publicadas que contiñan o material colixido por Valladares, e mesmo non descartamos que nalgunha ocasión a coincidencia dalgún cantar nas coleccións se deba a que era moi popular.

9.1. Na *Colección de cantares gallegos* (1884) de Casal Lois

O médico pontevedrés Xosé Casal Lois (1845-1912) levou a cabo un destacado labor como estudioso da cultura galega do século XIX en ramas como a meteoroloxía, as ciencias naturais, a arqueoloxía, a historia, a bibliografía ou o estudo da fala, dos costumes e das tradicións populares, aínda que o seu silente traballo pasou case desapercibido no seu tempo, —á sombra de Casto Sampedro— e só hai pouco que foi posto en valor por Blanco (1992, 2000). Casal fundou con Sampedro a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, da que foi vicepresidente moitos anos, e finalmente tamén presidente; e presidiu tamén o Orfeón Pontevedrés. En 1865 tiña feita unha *Colección de poesías gallegas de diversos autores*, con 121 composicións en galego, manuscrito aínda hoxe inédito; e en 1869, tamén disposto o manuscrito *Cantares gallegos*, que recollía 800 cántigas populares, anotadas a meirande parte delas directamente do oral e ordenadas pola súa procedencia xeográfica (Blanco Pérez 1992, 2000). Esta primeira colección servíralle de base para unha compilación máis ampla e ambiciosa, varias veces revisada en número e clasificación, da que quedou constancia en varios manuscritos. Un deles, o titulado de *Colección de cantares gallegos*, gañaría o primeiro premio do certame literario organizado pola xunta dos xogos florais de Pontevedra dese 1884. A *Colección* premiada presentaba unha nova clasificación

³⁶ Son as “frases, ó modismos gallegos” que se incluíron nas páxinas finais (118-120) da edición dos *Elementos de gramática gallega* de Valladares de 1970.

que combinaba o contido coa forma e xénero e contiña 1816 mostras, 737 máis ca no primeiro manuscrito; pero non todas procedían das súas anotacións manuscritas senón que Casal tamén incorporou, nunha segunda fase do seu traballo, cantares de coleccións publicadas que xa coñecía, como a de Milá, Murguía, Rosalía de Castro, López de la Vega, Rodríguez Marín, Valladares... (véxase Blanco Pérez 2000: 26 e ss.).

Non nos consta correspondencia entre Casal e Valladares, polo que entendemos que nas coincidencias das súas coleccións, aquel puido valer-se da deste, tomando sobre todo cantares incluídos do seu *Diccionario*, que nesa mesma altura estaba a publicarse no folletín de *El Libredón*, e en menor medida dos achegados por Valladares para a *Miscelánea*, tamén publicado en 1884. Seguindo os cotexos e notas a rodapé realizados por Blanco (2000) na súa edición da *Colección de cantares gallegos* (1884), serían arredor do medio cento os cantares que aparecen nas compilacións de Valladares, e dos que (quizais) Casal puido copiar. No grupo de coplas “Morales y sentenciosas” aparecen no *Diccionario* as n.^{os} 76, 111, 122, 134, 135, 139 en tanto que a 12 e a 91 está na *Miscelánea*; no grupo das “Amorosas”, polo menos as n.^{os} 126, 307, 323, 336, 362, 371, da 373 á 380 e 402 figuran tamén no *Diccionario* e a n.^o 32 no *Cantigueiro popular* de 1867; nos cantares de “Locales y descriptivas” coinciden co *Diccionario* a n.^o 193 e o grupo de nove cantares que vai dende o 646 ata o 654; nas coplas “Jocosas, picarescas y epigramáticas, Casal coincide co *Diccionario* nas n.^{os} 80, 81, 144, 138, 629, 646 e 682; en “Varias” a n.^o 37 aparecía na *Miscelánea* e a 48, 101 e 102 no *Diccionario*. Na “Segunda parte” da *Colección* de Casal aparecen tamén en Valladares os “tercetos” n.^{os} 15, 16 e 17 e “A ruada” que enviara a Murguía.

9.2. No *Cancionero popular gallego* (1885-1886) de Pérez Ballesteros

Xosé Pérez Ballesteros (1833-1918), ademais de Doutor en Dereito, de Catedrático de Lóxica, Psicoloxía e Ética no Instituto da Coruña —do que foi o seu director—, de poeta, de tradutor ó galego de textos bíblicos do hebreo e grego, de interesado nas cuestións ortográficas e gramaticais galegas, de membro fundador da Real Academia Galega... dedicou unha boa parte da súa actividade intelectual á recolleita e estudo das manifestacións literarias populares. Neste aspecto, sobrancea no seu tempo como un recoñecido folclorista: formou parte da primeira directiva da *Sociedade del*

Folk-Lore Gallego (1884) e compilou un *Refrancero gallego* que sería premiado nos xogos florais da Coruña de 1884, actualmente inédito e extraviado, aínda que se conservan na RAG algunhas fichas do que podería ser o xermolo dun dicionario fraseolóxico galego (Ferro Ribal 2012). Non obstante, a súa obra máis recoñecida e louvada foron os tres volumes do seu *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña*, publicados entre 1885 e 1886 nos tomos VII, IX e XI da Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas; o primeiro tomo levaba un prólogo de Teophilo Braga e un epílogo de Machado y Álvarez. A colección dos dous primeiros tomos xa merecera un *accessit* en 1884 no certame literario da Sociedade dos xogos florais de Pontevedra —que gañara Casal Lois—, o que vén indicar que unha boa parte da súa colección é de varios anos antes (véxase Blanco Pérez 1992: I, 103-108; Sánchez Rei 2006: 44-75).

Alonso Montero (1981) e Sánchez Rei (2006: 96-97) teñen insistido en que as máis das 2500 pezas que compila o *Cancionero popular gallego* foron tomadas de boca dos paisanos galegos daquela altura, en base a que nunha boa parte delas Pérez Ballesteros precisa en que lugar foi oída. Pola súa parte, Blanco (1992: I, 104-105), recoñecendo que a súa recolleita é directa na meirande parte dos casos, subliña tamén que se valeu doutras fontes. Segundo Blanco e Sánchez Rei, a Pérez Ballesteros facilitáronlle algún material —ora por correspondencia con eles, ora tomándoas el a partir de traballos xa publicados—, Valladares, Saco Arce, Milá, Murguía, Pondal, Rosalía de Castro, Fernández Alonso, Casares e Salvador Golpe.

O nome de Marcial Valladares aparece mentado dúas veces no cancionero como orixe dalgunha peza. Non temos constancia de correspondencia escrita directa entre Valladares e Pérez Ballesteros, ben que non sería raro que a mantivesen. Pero, fose como for, un si sabía do outro, xa que os seus nomes aparecen unidos, por exemplo, como colaboradores de Saco na súa *Literatura popular de Galicia* (1881); ou de Machado, tanto no libro de *Colección de enigmas y adivinanzas* (1881) coma no tomo da *Miscelánea* (1884).

Na primeira ocasión en que Pérez Ballesteros cita a Valladares é no tomo II (p. 126), nunha nota que di: “De un manuscrito del Sr. D. Marcial Valladares”, referíndose a unha longa composición dialogada (pp. 123-126) que se iniciaba cos versos “A encarga que me fixeche

/ tráyoch' a ben en seguro, / non me costóu tres pesetas / que costóu un peso duro”, que Valladares enviara a Rodríguez Marín e este citara nos seus *Cantos populares* (1882: III, 352), sinalando que se trataba de “un trovo gallego” dunha colección manuscrita de Valladares³⁷. Non sabemos se o envío dese material foi feito directamente por Valladares a Pérez Ballesteros, ou se este o tomou de Rodríguez Marín, o que nos parece moi factible³⁸.

A segunda referencia ó colector da Ulla é no tomo III, na súa nota final (p. 297), e nela si queda clara a fonte: “los cantares de este tercer tomo, cuyo origen no se especifica, proceden de los publicados: por el Sr. Milá y Fontanals, por el Sr. D. Marcial Valladares en su Diccionario Gallego [...]”, e a cita segue aludindo ós colectores anteditos. Poderíamos preguntarnos canto hai de Valladares neste tomo III do *Cancionero popular gallego*. Co fin de o sabermos fixemos una cala collendo as primeiras 50 cantigas do *Diccionario* de Valladares (contidas nas letras A, B e C) e comprobamos cantas estaban tamén no cancionero. O resultado foi que desas 50 cantigas cando menos 33 foron incluídas por Pérez Ballesteros, o que, extrapolándoo ó total, permitiríanos concluir que arredor do 66% das cantigas do *Diccionario* de Valladares (isto é sobre 170 pezas) aparecerían no tomo III do *Cancionero popular gallego*.

9.3. No tomo III de *El idioma gallego* (1886) de Antonio de la Iglesia

O nome de Antonio de la Iglesia (1822-1892) e o do seu irmán Francisco (1827-1897) aparecen vencellados as máis sonadas empresas culturais galeguistas do Rexurdimento: foron dos primeiros cultivadores do galego como lingua literaria; organizaron os simbólicos xogos florais celebrados na Coruña en 1861; compilaron o *Álbum de la caridad* (1862) a que deu lugar, que incluía o antolóxico “Mosaico” de vates galegos³⁹; e sostiveron durante cinco

anos a *Galicia. Revista universal de este reino* (1860-1865), a primeira gran publicación cultural do Rexurdimento e a que mellor o simboliza⁴⁰; das súas prensas saíra en 1863 tamén o primeiro *Diccionario gallego-castellano*, obra do presbítero Francisco J. Rodríguez, ben que moi ampliado por Antonio, o seu editor. E polo que a nós toca, foron tamén os irmáns De la Iglesia co-fundadores e participantes activos da *Sociedad del Folklore-Gallego* (1884), da que foron tesoureiro Antonio, e Francisco, vogal. A eles se debe, xunto a Cándido Salinas, a redacción do *Cuestionario* (1885), moi gabado nun encontro de folcloristas en París, segundo as palabras da Condesa Pardo Bazán (1886: 20): “tengo la satisfacción de decir que el *Cuestionario del Fol-Lore Gallego* ha sido juzgado en Francia el más completo, metódico y científico que hasta hoy ha visto la luz en Europa”. O cuestionario constaba de 445 ítems distribuídos en oito seccións, a II dedicada ó “Idioma y literatura populares de Galicia”. As cuestións referidas á literatura popular ían da nº 80 a 113 (pp. 15-20) e constituían una relación exhaustiva das principais formas e xéneros, que en liñas xerais será a guía que utilice Antonio de la Iglesia no seu *El idioma gallego. Su antigüedad y vida* (1886) para abordar a parte que dedica á literatura popular no seu tomo III. Neste tomo, dende a sección VIII á XIII (pp.102-238) inclúe abundantes mostras de literatura popular (romances, cantigas, contos, refráns, apólogos, falas de animais, prácticas relixiosas, fraseoloxía familiar...) da súa colección e, tamén da inédita do seu irmán Francisco, a quen se refire en varias ocasións. A primeira é na sección dos “Apólogos” (p. 170), onde di que os que copia foron recollidos “de la boca del pueblo por el estudioso folklorista Francisco de la Iglesia González”. Na sección XIII volve outra vez citalo: “Como idioma tan antiguo y completo, el galiciano se presta á los estudios más curiosos, como lo atestiguan los que reconocemos en los escritos

³⁷ Concretamente, este grupo de cantigas dialogadas procedían do *Apéndice ó Cantigueiro popular* de Valladares, clasificadas no grupo VIII, seguindo a edición de Luna Sanmartín 2003: 270-272.

³⁸ Posiblemente tamén Pérez Ballesteros tomara de Rodríguez Marín (1882: IV, 526-527), cando menos, as tres coplas sobre Vilancosta enviadas por Valladares, xa que esas non as incluíu no seu *Diccionario* (referímonos ás coplas n.ºs 4, 5 e 6 da sección de “Geográficas”, que Pérez Ballesteros recolleu no tomo III, p. 127).

³⁹ Tras a investigación sobre Alfredo de la Iglesia, fillo de Francisco e sobriño de Antonio, redactada por Alonso Montero 2017: 69, parece que o *Álbum*, en palabras do propio Alfredo, foi “ordenado y coleccionado por ellos”, é dicir, polos dous irmáns, e non só por Antonio como se viña crendo ata o de agora.

⁴⁰ As páxinas da *Galicia* foron tamén das primeiras en amosar interese pola literatura popular. Nelas publicou López de la Vega o longo traballo “La poesía portuguesa y la poesía gallega”, onde teoriza sobre a poesía popular e achega máis dun cento de coplas populares galegas, como se pode ver en Blanco Pérez 1992: I, 38-43.

folclóricos inéditos de Francisco de la Iglesia, ya citado, relativo a la onomatopeya” (p. 197). E tamén na sección de refráns sinala que hai una parte deles que foron “recogidos por el citado escritor Francisco de la Iglesia” (p. 224).

Á parte da colaboración de seu irmán, Antonio de la Iglesia neste tomo III tamén cita nunha ocasión a Marcial Valladares, de quen di que tomou o conto “Bastían e Crispín” (pp. 161-170): “seguiremos con otro, hallado en la correcta péñola de Marcial Valladares, quien a su vez lo recogió de la versión popular en los preciosos vergeles y perfumadas riberas de la Ulla”. Este conto fora publicado en 1884 no tomo IV da *Miscelánea* (pp. 55-64), ben que alí aparece baixo o título de “Contos de rapaces”, o mesmo epígrafe que se observa na versión que Valladares transcribiu no *Apéndice ó Cantigueiro popular* (1879) (véxase en Luna Sanmartín 2003: 331-338). O título de “Bastían e Crispín” foi como trascendeu noutras reproducións, coma no caso da aparecida en *El idioma gallego*, seguramente porque nas correspondencias que Machado fai sobre el na *Miscelánea* sempre se refire a el con este título.

Descoñecemos se o conto foi enviado por Valladares a petición de Antonio de la Iglesia ou se este o copiou da versión da *Miscelánea*, feito este que nos parece o máis probable. De todos os xeitos, tampouco sería descartable a primeira opción, pois Antonio de la Iglesia e Valladares viñan tratándose dende mediados da década de 1850. Certamente, a primeira carta de De la Iglesia ó ullán data de 1856 (véxase a transcripción en Fernández Salgado 2005: 267-268) e, nela, aquel indicáballe a este se “podrá V. facilitarme algunas poesías suyas compuestas en idioma gallego”, xa que tiña “proyectado dar á luz, en una colección todas las de nuestros antiguos y modernos poetas galicianos, para memoria de nuestro idioma”. Valladares sempre colaborador nas empresas que redundasen no ben de Galicia enviaríalle o caderniño manuscrito *Composiciones gallegas* con seis poesías. Algunhas delas, pero tamén outras (polo que supomos que houbo máis cartas entre deles) aparecerían publicadas por De la Iglesia na súa revista *Galicia* e, logo, catro tamén escolmadas no “Mosaico poético” do *Álbum de la caridad* (1862) (véxase Fernández Salgado 2003b: 98-102).

Sexa como for, que o conto llo enviase Valladares ou que De la Iglesia o copiase, o certo é que algunhas outras mostras máis das incluídas en *El idioma gallego* coinciden con algunhas contidas nas coleccións transcritas por Valladares. Así, na sección VIII de *El idioma gallego* dedicada ós romances, aparecen anacos de “Martín conde”, “O Ferve-ll-as”, “O ceo en anacos” (p. 120), que tamén se recollen na *Miscelánea* (1884) como transcritos por Valladares⁴¹, amais de apareceren no manuscrito do *Apéndice ó Cantigueiro popular* (véxase en Luna Sanmartín 2003: 273-275). Igualmente, os anacos de “A flor da auga” (p. 118) e “O testamento do gato” transcritos en *El idioma gallego* (pp. 118-119), figuran completos no *Cantigueiro popular* e no seu *Apéndice*, respectivamente (en Luna Sanmartín 2003: 132 e 288). Pola súa parte, o que Antonio de la Iglesia chama “cántiga” ou “tríada céltica” (p. 141-142) fora recollida e transcrita por Valladares como “Cantar de pandeiro” no seu *Ayes de mi Pais* (1865) e, como xa se dixo, enviado a Murguía, que o publicaría como “A ruada” na súa *Historia de Galicia*. As tríadas da 2 a 13 que figuran en *El idioma gallego* coidamos que foron tomadas da versión de Murguía (ou de calquera das derivadas dela), pois hai algunhas diverxencias textuais entre a versión contida en *Ayes* de Valladares e a que finalmente publicou Murguía⁴².

Pola contra, na parte de *El idioma gallego* dedicada ó cancionero (sección IX) e ós refráns (sección XIII), apenas hai coincidencias entre as mostras que achega De la Iglesia e as colectadas por Valladares: de 25 cántigas (pp. 124-129) só coinciden dúas, e mesmo nelas hai diverxencias textuais. Verbo dos refráns, do noso cotexo dos contidos na letra A (pp. 202-205), de 31 só coinciden con catro do refraneiro de Valladares, os catro documentados no seu *Diccionario*, que, por outra parte, son tamén moi coñecidos.

10. Cabo

Marcial Valladares cumpría os requisitos que se lle podían esixir a un bo colector de folclore a mediados do século XIX. Por una banda, posuía unha boa formación humanística e predisposición para as artes literarias. As súas capacidades en latín, filosofía ou dereito adquiridas na

⁴¹ Os catro versos do “O Calvario” figuran na *Miscelánea* como “A galiña e outros animais”.

⁴² No v. 1 en *Ayes*: “Veña o pandeiro e a ruar”, na *Historia de Galicia e El idioma gallego*: “Veña o pandeiro á ruar”; v. 11 en *Ayes*: “Meniñas, arriba, arriba”, na *Historia de Galicia e El idioma gallego* “Mociñas, arriba, arriba”.

Facultade de letras en Santiago de Compostela foran completadas logo con estudos de francés, música, historia natural, debuxo, matemáticas... De aí que os seus apuntamentos de mostras de folclore vaian acompañados frecuentemente de notacións musicais (no caso das cantigas) ou de debuxos (no caso das danzas e vestimentas), o que nos fai concluír que as súas transcricións eran rigorosas (coma a súa propia personalidade) e fieis en liñas xerais co visto ou oído; rigorosidade da que deron fe tamén os eruditos cos que logo colaborou, como Casto Sampedro. Por outra parte, Valladares, que nacera na “casa grande” de Vilancosta, na comarca da Ulla, era un bo coñecedor da cultura tradicional, da súa filosofía, das súas manifestacións, da súa lingua –o galego– (“dialeuto que mamamos e a que de vellos volvemos”, di no prólogo da súa novela *Majina*), e sentía moito aprezo e señardade por todo iso, tal e como deixou constancia en varias composicións poéticas costumistas da súa autoría. Ademais, una vez retirado en Vilancosta en 1866, lonxe dos avatares da “vida pública” de Pontevedra, con pouco máis de corenta anos, puido dispoñer de moito tempo libre para dedicarlles ás súas afeccións eruditas, entre as que estaban transcribir cantigas e a súa melodía, recoller adiviñas e trabalinguas, anotar refráns ou apuntar as palabras e xiros lingüísticos particulares que lles sentía ós caseiros ou ós seus paisanos ulláns.

A súa colección de literatura popular, actividade esta na que foi un pioneiro en Galicia, era moi apetecible para outros eruditos, non só pola súa cantidade, senón tamén pola súa variedade, calidade e fidelidade á fonte. Neste aspecto, concretamente o seu cantigueiro aínda se torna máis valioso polo concepto integral que posuía da cantiga como subxénero poético no que se conxuga letra e música. Dous cancioneiros seus polo menos presentan a carón do texto poético a partitura musical e foi tamén o criterio musical o que guiou a organización e o agrupamento dos cantares doutras coleccións. Por outra banda, o concepto positivo que Valladares posuía da literatura popular amosouno tamén ó empregar

coplas populares e refráns como autoridade lingüística no seu *Diccionario gallego-castellano*.

Valladares non deu publicado (ou se cadra habería que dicir que non quixo) en vida a súa ben ordenada e disposta colección manuscrita nun volume; pero aínda así gozou dunha relativa difusión no seu tempo, ben porque unha parte, por exemplo os refráns e algún grupo de cantigas, apareceu na prensa da época; ben porque foi empregada de auxiliar dalgunha obra propia (o caso do seu *Diccionario*); ou ben porque foi incluída en coleccións ou obras dos folcloristas máis decisivas daquela altura. Con eles estableceu unha delongada correspondencia que se iniciou por volta de mediados da década de 1860 e non rematou ata os últimos días da súa vida. Entre os persoeiros cos que colaborou figuran os máis sobresaíntes da segunda metade do século XIX en materia folclórica e filolóxica do contexto hispánico: Murguía, Machado y Álvarez, Rodríguez Marín, Saco Arce, Casto Sampedro, Leiras Pulpeiro ou Alfredo Brañas. Noutras ocasións as súas mostras de literatura popular figuran tamén en cancioneiros da época porque os seus colectores, coma o caso de Casal Lois, Pérez Ballesteros ou Antonio de la Iglesia, valéronse de obras xa publicadas que contiñan material colixido por Valladares; neste punto a súa fonte primordial foi o seu *Diccionario* e en menor medida a *Miscelánea* e os *Cantos populares* de Rodríguez Marín.

En fin, con este traballo quixemos homenaxear a Marcial Valladares agora que se cumpre o bicentenario do seu nacemento. E fixémoslo lembrando e poñendo en valor a súa actividade como incansable colector e transcritor de folclore e destacando a súa xenerosidade para poñerse á disposición doutros estudosos da daquela nacente ciencia do *Folk-Lore*. Valladares foi un gran escoitador dos seus paisanos da Ulla e un gran transcritor de como falaban, e coñecer e valorar o seu labor de folclorista axuda a prefigurar e entender mellor a outras súas dúas facianas de literato e lingüista, que foron as que adoito máis se destacaron del.

11. Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (1979): “Antonio Machado y Alvarez (“Demófilo”): e a cultura popular galega”, *Senara* 1, pp. 127-150.
- (1981): “José Pérez Ballesteros e a poesía popular galega”, en *Escritores: desterrados, namorados, desacougantes, desacougados*. Sada: do Castro, pp. 141-1451.
- (2018): *Alfredo de la Iglesia. O intelectual, o educador e o autor do primeiro manual de Literatura Galega para escolares (1919)*. A Coruña: Real Academia Galega / Deputación de Pontevedra, <http://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/book/335>.

- Baltáns, Enrique (2004): “Cartas de Antonio Machado y Álvarez, ‘Demófilo’, a Gumersindo Laverde Ruiz (1879-1881)”, en Claudia Hammerschmidt, Valérie Heinen, Susanne Grunwald e Gunnar Nilsson (co-ords.): *Pasajes = Passages = Pasagen. Homenaje a Christian Wentzlaff-Eggebert*. Sevilla: Universidad de Sevilla, pp. 161-171, <https://idus.us.es/handle/11441/74848;jsessionid=AAFFDE5845841361AAA89CC8F7CD7F5A>.
- (2005): “Introducción”, en Enrique Jesús Rodríguez Baltanás (ed.): *Antonio Machado y Álvarez (Demófilo)*, en *Obras completas* (col. “Biblioteca de Autores Sevillanos”), 5. Sevilla: Diputación de Sevilla / Fundación Machado, pp. XVII-LXXI.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón e Xosé Luis Axeitos (eds.) (2003): *Cartas a Murguía I*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (eds.) (2005): *Cartas a Murguía II*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Blanco Pérez, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia (1745-1885). Recopilación, estudio e edición crítica*. Vigo: Xerais, 2 vols.
- (2000) (ed.): *Colección de Cantares gallegos por José Casal Lois*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Bouza-Brey, Fermín (1956): “Achegos pra a bibliografía de Marcial Valladares como etnógrafo”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXVII/309-320, pp. 10-23, <https://academia.gal/boletins#paxinas.do?id=28&d=447263-p=7>.
- Deaño Gamallo, Antonio (2008): “Las cartas de Emilia Pardo Bazán a Antonio Machado y Álvarez”, *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán* 6, pp. 173-234, <http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmc1032408>.
- Do Pico Orjais, José Luís e Isabel Rei Sanmartín (2010): *Ayes de mi País. O cancionero de Marcial Valladares*. Baiona: Dos Acordes.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2002): *Marcial Valladares (1821-1903). Lingua, literatura e folclore*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (versión en CD-Rom, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade).
- (2003a): “A colección de refráns de Marcial Valladares”, *Tabeirós Terra. Xornal Cultural* (suplemento central) XIII, pp. 9-16, https://issuu.com/vagalumes/docs/tabeir_s_terra_n_13_decembro_2.
- (2003b): “Introducción”, en *Marcial Valladares. Poesía*. Vigo: Xerais, pp. 7-116.
- (2005): *Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego*. Pontevedra: Deputación Provincial.
- (2018): “Bibliografía completa (1842-2018) de Marcial Valladares”, en Ana Acuña, Xosé-Henrique Costas e Ana Iglesias Álvarez (eds.): *Homenaxe a Ramón Gutiérrez Izquierdo*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade.
- Ferreiro, Manuel (1991): *Pondal: do dandysmo á loucura. Biografía e correspondencia*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Ferreirós Espinosa, Carlos (2018): *O legado dos Valladares de Vilancosta*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Ferro Ruibal, Xesús (2012): “Fraseoloxía e paremioloxía galega anotada por José Pérez Ballesteros (1833-1918)”, *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 14, pp. 309-334, http://www.cirp.gal/pub/docs/cfg/cfg14_14.pdf.
- Filgueira Valverde, Xosé (1982 [1942]): “Introducción y notas bibliográficas”, en *Cancionero musical de Galicia reunido por Don Casto Sampedro y Folgar*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, vol. 1, pp. 5-92.
- (1984): “Do ‘Folclore gallego’ á ‘Real Academia’”, *Adral III*. Sada: Edición do Castro, pp. 92-99.
- (1994): “Sampedro Folgar”, *Adral XVIII*. Sada: Edición do Castro, pp. 225-233.
- Gómez-García Plata, Mercedes (2015a): *Bibliographie de Antonio Machado y Álvarez [établie par...]*, en *Bérose-Encyclopédie internationale des histoires de l’anthropologie*. Paris, <https://www.berose.fr/article698.html?lang=fr>.
- (2015b): *Bibliographie sur Antonio Machado y Álvarez [établie par...]*, en *Bérose-Encyclopédie internationale des histoires de l’anthropologie*. Paris, <https://www.berose.fr/article699.html?lang=fr>.
- Groba González, Xavier (2011): *O legado musical de Casto Sampedro Folgar (1848-1937): o canto galego de tradición oral*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2 vols, <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/3621>.
- Losada Diéguez, Antón (1929): “Romance”, *Revista Nós* 64, pp. 68-69.

- Luna Sanmartín, Xosé (ed.) (2003): *Marcial Valladares. Cantigueiro Popular*. A Estrada: Fundación Cultural da Estrada.
- Machado y Álvarez, Manuel (1880a): *Colección de enigmas y adivinanzas en forma de Diccionario*. Sevilla: Librería de D. Tomas Sans.
- (1880b): “Recensión a *De la poesía popular gallega*”, *La Ilustración Gallega y Asturiana* (Madrid), t. II, 4, 8/2/1880, p. 57; 5, 18/2/1880; e 12, 28/4/1880, p. 157, <https://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=10000079815>.
- (1880c): “El garbancito”, *La Ilustración Gallega y Asturiana* (Madrid), t. II, 31, 8/11/1880, p. 385; 32, 18/11/1880, p. 400, <https://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?id=10000079815>.
- (dir.) (1884): *Folk-Lore Gallego. Miscelánea, por Emilia Pardo Bazan y varios escritores de Galicia. Biblioteca de las Tradiciones Populares*, t. IV. Sevilla: Alejandro Guichot y Compañía, http://www.biblioteca-virtualdeandalucia.es/catalogo/es/catalogoimágenes/grupo.cmd?interno=S&embebido=S&config_rotacion=0&path=1005594&posicion=1.
- Murguía, Manuel (1865): *Historia de Galicia*, t. I. Lugo: Imprenta de Soto Freire, <http://biblioteca.galiciana.gal/es/consulta/registro.do?id=8506>.
- Nicolau D’Oliver, Lluís (1995): *Epistolari de M. Milà i Fontanals, Anys 1881-1884*, t. III. Barcelona: Institut d’Estudis Catalans.
- Pardo Bazán, Emilia (1886): “Discurso de la Presidente en la Junta del 15 de Junio de 1885”, en *El Folk-Lore Gallego en 1884-85, sus actas y acuerdos, y discursos de Emilia Pardo Bazán Presidente y Memoria de Salvador Golpe Secretario*. Madrid: Establ. Tipográfico de Ricardo Fé, pp. 18-21, <https://biblioteca.galiciana.gal/gl/consulta/registro.do?control=BDG20100001899>.
- Rodríguez Marín, Francisco (1882): *Cantos populares españoles. Recogidos. Ordenados e ilustrados por -*. Sevilla: Francisco Álvarez y Cia, editores, 5 vols., <https://bibliotecadigital.jcyl.es/es/consulta/registro.cmd?id=17015>.
- Saco Cid, Juan L. (ed.) (1987): *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos, recogidos por D. Juan Antonio Saco y Arce*. Ourense: Deputación Provincial.
- Sánchez Rei, Xosé M. (2006): *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros*. Santiago de Compostela: Laiovento.
- Valladares, Marcial (1970 [1892]): *Elementos de gramática gallega*. Vigo: Galaxia / Fundación Penzol.